

6 *Review***BARLOW, John***Everything but the Squeal: Eating the Whole Hog in Northern Spain*

New York: Farrar, Straus and Giroux. 2008. viii + 306 pp.
ISBN 978-0-374-15010-5

Edición británica: *Everything but the Squeal: A Year of Pigging Out in Northern Spain*.
Chichester: Summersdale.
2009. 320 pp.
ISBN 978-1-84024-740-4

Xesús Fraga
Escritor e xornalista

Aínda que non alcanzase o lugar totémico da vaca, o porco ocupou, especialmente unha vez superada a posguerra, unha posición de cada vez maior centralidade nos hábitos gastronómicos galegos, primeiro como pilar dunha economía doméstica de subsistencia e despois como paradigma da enchenta. Resulta curioso como o aproveitamento case completo do animal lle permitiu acomodarse tanto a un consumo demorado no tempo (a matanza fornecía provisiones para preto dun ano) como á exaltación inmediata e despreocupada. Cunqueiro deixou testemuño n'*A cociña galega* desa capacidade salvífica do porco, cuxa carne colgando na cociña ou cuxos ruidos no cortello facían que se esvaece 'nos fondos da memoria labrega' a 'vella, eterna, teima da fame' (1980: 55).

O porco, tanto como ingrediente culinario como nese papel social, é o fío condutor que serve a John Barlow (Gomersal, West Yorkshire, Reino Unido, 1967) para emprender unha viaxe que pode lerse en termos xeográficos, temporais e mesmo psicolóxicos. En *Everything but the Squeal* a vertente gastronómica, con interese de seu, tamén lle serve ao autor para presentar Galicia a un público que se pode estar achegando ao país e á súa realidade por vez primeira, nun retrato das transformacións recentes e da súa sociedade contemporánea. A liña argumental é sinxela: Barlow sostén a narración sobre o propósito de probar todas e cada unha das partes do cocho, animal do que tradicionalmente se di que se aproveita todo. Calidade esta que agasalla ao autor co título: comerá todo agás o que non se pode comer, é dicir, o gríñido. Deste xeito, o libro pode encadrarse na crecente percepción no Reino Unido da necesidade dun tratamento máis ecolóxico e respectuoso da crianza, sacrificio e comercialización da carne, da que son bos exemplos as achegas de Hugh Fearnley-Whittingstall (*River Cottage Meat Book*, 2004) e Fergus Henderson (*Nose to Tail Eating: A Kind of British Cooking*, 1999).

Na vertente gastronómica, o autor describe os ingredientes, modo de preparación e comida dun cocido, prato que, na súa opinión, é un cumio culinario: 'If you don't love it, you're insane' (13). A celebración en Lalín da

BARLOW, John
*Everything but the Squeal:
Eating the Whole Hog in
Northern Spain*
Xesús Fraga

Festa do Cocido tamén lle serve a Barlow para explicar o vínculo do prato co Entroido, así como a celebración dunha paradigmática festa de exaltación dun produto alimentario: Lalín é 'the place where pork stew finds its greatest expression, standardized, regulated, perfected, and set on a pedestal' (130). Empezando polo cocido, o autor percorre Galicia, de cidade a vila e a aldea, para comer costela, orella, chourizos, lacón, en diversas receitas e ambientes, das casas particulares ás de comidas e restaurantes con estrela Michelin. Malia a satisfacción xeneralizada, non todas as experiencias son positivas. Un botelo nos Ancares non resulta demasiado convincente: 'There are some places that a person should not be asked to go, and for me the insides of a pig's bone-stuffed bowels is one' (49). Sería fácil caer na fascinación antropolóxica nun libro destas características, pero o autor salva sen dificultades esa posibilidade e trae un panorama axustado á realidade gastronómica actual de Galicia, que dá conta da existencia dunha nova cociña, como exemplifica a súa brillante crónica dunha comida en Casa Solla (Poio), un dos referentes da nova cociña galega distinguido cunha estrela Michelin (227-238).

Pero confinar *Everything but the Squeal* á súa vertente gastronómica sería dar unha visión limitada do alcance da obra. O libro acepta tamén unha lectura de libro clásico de viaxes —na mellor tradición anglosaxona do xénero—, xa que o autor percorre case toda Galicia na súa peregrinación porcina: describe a súa vida cotiá n'A Coruña, a súa estadía nunha Compostela que aínda no sucumbira ao turismo de masas, escapadas a Vigo e Ourense, festas en Lalín, o Entroido ourensán, e a procura dos restos da suposta comunidade hippy de Negueira de Muñiz, entre outros lugares. O país aparece retratado así en toda a súa variedade xeográfica, ademais da puxanza das cidades atlánticas e o acelerado despoboamento das zonas rurais.

Xunto con esa visión xeográfica de Galicia, Barlow recolle apuntamentos históricos e sociais que permiten ao lector pouco informado obter un maior coñecemento sobre a realidade contemporánea do país. Que a maioría cheguen a través do filtro do humor engade un valor adicional que fala da capacidade do escritor para a observación e para atopar unha cara cómica e irónica. Tomemos, por exemplo, ese capítulo inicial no que se describe o cocido, o prato por excelencia do libro. Esas páxinas introdutorias tamén conteñen información valiosa sobre o papel da taberna/restaurante nas pequenas comunidades ou parroquias e a aversión do galego polos diálogos directos: 'Trying to insist on a straight yes-no answer from a Galician is just asking for trouble. I know; I'm married to one' (5). Nestas mesmas páxinas agroman o feísmo, a morriña, Manuel Rivas e Franco, xunto coas aspiracións xeneralizadas de converterse en funcionario, unha caste que se pode identificar, segundo Barlow, 'a mile off' (10). Uns comensais no mesmo local propician a reflexión do autor sobre os efectos de ter un traballo de por vida: 'be it university professor or cleaner in a public building-it is like an invitation to eat and drink merrily forevermore. You see them hunting in packs, twelve, fifteen tenured tax office clerks out on a Tuesday night for wine and tapas; local government officials in town every morning sipping their coffee with all the ease of those who know their jobs are safe forever, no matter how long they take over their café con leche' (11). Os compañeiros accidentais de Barlow no restaurante resultan ser mestres e 'they eat and drink like funcionarios, like there's no tomorrow, or, if there is, then it's not something they need to worry about' (11).

Barlow aplica a mesma receita humorística cando describe o seu posto como profesor de Fonética nunha universidade galega, experiencia

BARLOW, John
*Everything but the Squeal:
Eating the Whole Hog in
Northern Spain*
Xesús Fraga

breve que lle serve para observar algúns dos males endogámicos da institución (240), na demorada polémica sobre o topónimo coruñés ('The City Formerly Known as La Coruña', 243) e na teima dos galegos coas enfermidades e o clima, conceptos ambos os dous moi relacionados, como se pode ver nesta cita: 'The weather is also a source of great concern here. Galicians fear drafts like you and I fear the Andromeda Strain. Not just cold drafts, either; anything invisible that moves is considered mortally dangerous. The merest summer breeze could easily give you flu. And it would be flu, because Galician never get common colds, they always get una gripe tremenda. The common cold is far too mundane, almost an embarrassment, like winning fifty cents on the lottery.' (53). En consecuencia, a meirande parte da poboación semella ter profundos coñecementos médicos: 'They'll question the decisions of qualified doctors, debating among themselves whether a diagnosis was a good one, advising second opinions (a whole army of private doctors live off the second opinion trade' (52).

A amenidade de *Everything but the Squeal* provén, en boa medida, da capacidade de observación de Barlow e do distanciamento do foráneo, que lle permite enfocar dun xeito diferente, pero ao mesmo tempo o autor non dubida en traspasar esa liña, con resultados óptimos, como demostra a súa participación no Entroido ourensán (57). Mesmo cando o achegamento non se leva ata as últimas consecuencias, como a participación do autor nunha matanza caseira, o libro volve saír gañando. Da vocación por pescudar tamén dan conta os capítulos titulados 'Encounters with Eminent Galicians', que abranguen dende unha familiar de Fidel Castro (115) ata o ex presidente Manuel Fraga (267), e mesmo un animal, Antón de Espasante (213), un porco, como non podía ser doutro xeito.

No seu conxunto, *Everything but the Squeal* retrata con sensibilidade e profundidade a Galicia contemporánea, coas súas transformacións e contradicións, con ironía pero tamén con tenrura, recursos dos que Barlow extrae todo o seu potencial narrativo, para acadar unha obra cuxo interese vai alén da mera literatura de viaxes.